Adjectives: Comparatives and Superlatives

O adxectivo pódese expresar en tres graos: positivo, comparativo e superlativo. No primeiro dos casos emprégase o adxectivo na súa forma normal. O grao comparativo pode ser de tres tipos: de igualdade, de inferioridade e de superioridade.

COMPARATIVO

Comparativo de igualdade	***as + adject. + as***	Tan + adxectivo + coma
She is as tall as me	→	*É tan alta coma min*
Comparativo de inferioridade	***Less+adject.+ than***	Menos + adxect. + que / ca
She is less tall than him	→	*Ela é menos alta ca él*
Comparativo de superioridade		
Adxectivos dunha sílaba ou de dúas rematadas en ***–y.***	***Adj + -er + than***	Máis + adxect. + ca / que
She is taller than you *English is easier than French*	→	*Ela é máis alta ca ti.* *O inglés é máis doado que o francés*
Adxectivos de dúas ou máis sílabas	***More+ adject+ than***	Máis + adxect. + ca / que
She is more intelligent than me	→	*Ela é máis intelixente ca min*

SUPERLATIVO

Adxectivos dunha sílaba ou de dúas rematadas en –y.	***The+adj.+-est+in / of***	O máis + adxect. + de, en
She is the tallest girl in the class *She is the prettiest girl in the class*	→	*É a rapaza máis alta da clase* *É a rapaza máis guapa da clase*
Adxectivos de dúas ou máis sílabas	***The most + adj.+in/ of***	O máis + adxect. + de, en
She is the most intelligent in the class	→	*É a máis intelixente da clase*

REGRAS ORTOGRÁFICAS

Ao engadir os sufixos ***–er*** e ***–est*** prodúcense os seguintes cambios nalgunhas palabras

· Se o adxectivo remata en ***-e***	Engádese ***-r***	*large – larger – the largest*
· Os monosílabos rematados en vogal + consoante	dobran a consoante	*big – bigger – the biggest* *sad – sadder – the saddest*
· Os adxectivos rematados en consoante **+-y**	Perden o ***–y*** e engaden ***-ier / -iest***	*pretty – prettier – the prittiest* *happy – happier – the happiest*

Adxectivos irregulares

O seguinte grupo de adxectivos non sigue as regras estudadas e forman tanto o comparativo de superioridade como o superlativo cunha forma irregular

Adxectivo	**Significado**	**Comparativo**	**Superlativo**
good	*bo*	*better*	*The best*
bad	*malo*	*worse*	*The worst*
little	*pouco*	*less*	*The least*
much / many	*moito*	*more*	*The most*
far	*lonxe*	*further* *farther *2*	*The furthest* (de distancia e tempo) *The farthest* (só para distancia)
old	*vello*	*older *1* *elder*	*the oldest* (de persoas e cousas) *the eldest* (so de persoas)

*1 ***older and elder***

Elder e *the eldest* implican antigüidade máis que idade e empréganse preferentemente para comparacións dentro dunha familia

My elder brother – o meu irmán maior
His eldest son -- o seu fillo máis vello
The eldest boy was only eight years old -----o rapaz máis vello tiña solo oito anos

pero *elder* non pode colocarse antes de *than* ,co que debe usarse sempre *older.*

He is older than I am (elder non e posible aquí).

*2 ***further and farther***

· En inglés británico ámbalas dúas palabras empréganse para referirse a distancia, sen diferenza no significado.

Glasgow is farther / further away than London -- Glasgow está máis lonxe que Londres

En inglés americano só se emprega *farther* neste senso.

· *Further* (pero non *farther*) pode empregarse para referirnos a algo, extra, adicional, máis avanzado.

College of Further Educatión ---------- Instituto de Educación Superior
For further information see page 81. ---- -- Para máis información consultar a páxina 81

Grammar

A Expresión de Causa – Expressing Cause

Because, porque; **Since**, posto que, dado que : introducen as oracións de causa

*I didn't go **because** it was raining*	→	*Non fun porque chovía*
***Since** it was raining I didn't go*	→	*Dado que chovía, non fun.*

Because of, a causa de; **Due to,** debido a : introducen sintagma

*I didn't go **because of** the rain*	→	*Non fun a causa da choiva*
*I didn't go **due to** the rain*	→	*Non fun debido a choiva*

A Expresión de Consecuencia – Expressing Result

Therefore, polo tanto; ***Consequently***, ***So***, consecuentemente: introducen oración.

*It was raining. **Therefore**, I didn't go*	→	*Estaba chovendo. Polo tanto, non fun*
*It was raining. **Consequently / So**, I didn't go*	→	*Estaba chovendo.Consecuentemente non fun*

Existe a seguinte correlación consecutiva

So + adjective / adverb + **that**	→	Tan + adxectivo / adverbio + que
Such + sustantivo + **that**	→	Tan + substantivo + que
He was driving ***so*** fast ***that*** he had an accident	→	Conducía tan rápido que tivo un accidente.
It was ***such*** a nice day ***that*** they went on picnic	→	Era un día tan bonito que se foron de pícnic.

Phrasal Verbs - Verbos Preposicionais e Adverbiais

Son aqueles verbos que ao engadirlles unha ou varias partículas acadan un significado especial. Esas partículas poden ser una preposición, un adverbio, ou unha combinación de ámbolos dous. O verbo resultante pode cambiar totalmente de significado con respecto ao orixinal, ou só de matiz.

Cambio total de significado		Cambio de matiz
GET: conseguir	→	FALL: caer
GET UP: levantarse	→	FALL OFF: diminuír as vendas, caída metafórica

Os 'phrasal verbs' transitivos, é dicir, os que levan obxecto directo, poden ser separables ou inseparables, dependendo de se o verbo se pode separar da partícula ou non.

a) Cos **'phrasal verbs' separables** o obxecto directo pode ir tanto diante como detrás da partícula, aínda que si se trata dun pronome, este debe ir obrigatoriamente entre o verbo e a partícula.

FIND OUT: averiguar → I'll find out **her phone number**
I'll find **her phone number** out
I'll find **it** out

b) Cos **'phrasal verbs' inseparables** o obxecto directo debe de ir obrigatoriamente detrás da partícula, tanto se é un pronome como se non o é.

STICK TO: mantener un plan, decisión → She's sticking to **her initial decision**
She's sticking to **it**

Os 'phrasal verbs' que teñen dúas partículas sempre son inseparables.

LOOK FORWARD TO: esperar con ilusion → I'm looking forward to **my mother's visit**
~~I'm looking forward **my mother's visit** to~~
I'm looking forward to **it**
~~I'm looking forward **it** to~~

*Nota:
Non hai regras para saber se un 'phrasal verb' é separable ou inseparable.
É necesario, polo tanto, aprender o seu significado e o seu uso ao mesmo tempo.

Writing: A Summary

Para facer un bo resumo debes seguir os seguintes pasos:

1. Ler o texto que debes resumir e decidir cal é o seu tema principal.
2. Facer unha lista coas ideas máis importantes do texto.
3. Colocalas de forma estruturada. Utiliza conectores como: *first, second', 'finally'.*
4. Localizar a conclusión do texto.
5. Volver escribir tanto as ideas como a conclusión coas túas propias palabras, sen copiar literalmente.
6. Utilizar conectores apropiados.
7. Facer referencia ao autor ou ao texto orixinal con frases do tipo:

The author/the text says...		O autor/texto di.....
The author claims...		O autor afirma.....
The author points out...	→	O autor sinala....
According to the author / text....		Segundo o autor/o texto...
From the author 's point of view		Dende o punto de vista do autor...